



## Procesos de Estabilización e Consolidación na Xunta

*Descrición, normativa, persoal afectado, tipo de convocatoria, estado actual e consecuencias*

Os procesos de Estabilización e Consolidación son convocatorias que pretenden reducir as altas taxas de temporalidade na Administración.

O proceso de Consolidación, regulado no Acordo para a ordenación e mellora do emprego público no ámbito da Administración da Xunta de Galicia do 21 de abril de 2008 está dirixido ao persoal laboral temporal (por obra) e indefinido con antigüidade anterior a 1-1-2005. Está dividido en 2 tramos:

- Tramo 1: antigüidade anterior ao 1-7-1998. O proceso consistirá en un concurso de méritos. O persoal atópase na actualidade equiparado a persoal fixo de convenio. Non existe convocatoria.
- Tramo 2: antigüidade entre 1-7-1998 e 1-1-2005. O proceso consiste en un concurso-oposición aberto. Foi convocado na OPE 2017 (DOG 12-12-17).

Respecto da Estabilización, na actualidade existen dous procesos:

- O derivado do Acordo de 21 de abril de 2008 afecta ao persoal laboral temporal anterior a 1-1-2005.
- O recollido no Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos (DOG 7-2-2018) afecta a todo o persoal temporal anterior ao 31/12/2013, sexa persoal laboral temporal, indefinido ou interino. Esta Estabilización dará lugar a distintas convocatorias ao longo dos vindeiros anos.

Actualmente ningún destes procesos de Consolidación ou Estabilización ten unha data efectiva de realización nin se dispón de información concreta relativa a como van a ser as probas, os baremos, os temarios....

Unha vez se teña realizado o proceso, todo o persoal que o supere terá a condición de fixa/o na Xunta. Pola contra, se non superas o proceso, deberás reclamar a indemnización que che corresponde por despido: 20 días por ano traballado.

## Problemáticas e recomendacións

No caso do persoal temporal (incluído o interino) recomendamos SEMPRE a reclamación da indefinición do vínculo laboral. A indefinición é unha situación máis ventaxosa e, incluso moi relevante para a determinación da inclusión nos procesos. Tamén pode ser importante en caso de despedimento.

Aínda que os procesos de Consolidación para o tramo 2 e de Estabilización sexan na práctica o mesmo tipo de proba teñen garantías diferentes, sendo SEMPRE preferible a consolidación fronte á estabilización.

Dentro da Consolidación, SEMPRE é preferible a pertenza ao tramo 1 e non ao tramo 2. No tramo 1 teríase equiparación a persoal fixo e o proceso sería un concurso de méritos sen fase de oposición.

Existen unha serie de problemáticas comúns a moito do persoal laboral que están provocando tanto a exclusión da consolidación, como a asignación incorrecta ao tramo dentro deste proceso. Entre as máis comúns as seguintes: (ollo! non son as únicas!)

- **Antigüidade**  
Por distintos motivos, existe persoal con antigüidade suficiente para *mellorar* a súa situación no proceso pero a Xunta non lla recoñece ou nunca lla ten reclamado.  
Recomendamos reclamar SEMPRE a antigüidade, aínda que sexa só por cobrar máis trienios. Lembramos que calquera tempo traballado en calquera Administración Pública baixo calquera modalidade contractual (inclusive becas ou servizo militar) pode contabilizar a estes efectos.
- **Data de sentenza indefinición**  
No acordo de consolidación de 2008 figura que o persoal indefinido debe ter sentenza anterior ao 17-9-2007 para ser incluído no proceso.  
Actualmente, existe doutrina do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula o criterio da data de sentenza, aínda que a Xunta continúa sen recoñecela polo que é necesario reclamar.
- **Adscrición a praza de funcionaria/o**  
Hai ocasións nas que a Xunta adscribe, de maneira totalmente arbitraria, a persoal laboral a prazas de funcionaria/o en troques do que sería a adscrición normal do persoal laboral en prazas de laboral. Este tipo de vínculo exclúe directamente do proceso de consolidación, aparte de permitir o despido por cobertura da praza (por exemplo, nun concurso de traslados de persoal funcionario).  
Existe bastante xurisprudencia en contra da Xunta a este respecto, polo que é reclamable a exclusión por adscrición a praza de funcionaria/o.

En calquera caso (citado anteriormente ou outro), a antigüidade é o único criterio para determinar a aplicación do proceso que corresponda, e calquera outra consideración por parte da Xunta debe ser reclamada de maneira individual.

## Reclamacións colectivas posibles na Consolidación

A análise pormenorizada do acordo de consolidación de 2008, así como da complexa pero abundante xurisprudencia creada ao respecto ao longo dos últimos anos permitirían, baixo a nosa opinión, a posibilidade de interpretar de maneira favorable o citado acordo.

A única maneira de desenvolver estas reclamacións sería de maneira colectiva para o que existen certos requerimentos legais e xudiciais que deben respectarse.

O persoal beneficiado por estas reclamacións colectivas sería, en principio e coa información dispoñible ata o momento, o encadrado no tramo 2 de consolidación. Independentemente do resultado destas reclamacións nunca sairía ninguén prexudicado.

As reclamacións que se propoñen son:

- Cumprimento do calendario  
O calendario de aplicación recollido no acordo establece que se convocará primeiro a consolidación para o tramo 1 e a continuación para o tramo 2.  
Coa publicación da convocatoria para o tramo 2 na OPE 2017 entendemos esta disposición do calendario non se está respectando. Isto provocaría que persoal de tramo 1 (de maior antigüidade) lexitimamente concorrese ás prazas do tramo 2, resultando o persoal de tramo 2 prexudicado.  
Reclamaríase que se respectara o calendario previsto convocando primeiro o tramo 1 e posteriormente o tramo 2.
- Equivalencia de tramos  
Entendemos que o sentido do acordo foi o de favorecer ao persoal con suficiente antigüidade encadrándoo no tramo 1. Entendemos tamén que o paso dos anos sen que a Xunta aplicase o acordo xa fixo que o persoal de tramo 2 teña tamén esa antigüidade suficiente recollida no acordo.  
Reclamaríase que os dereitos do tramo 1 fosen de aplicación para o persoal do tramo 2.

As reclamacións colectivas, son de aplicación para todo o persoal afectado no ámbito do conflito, ben de maneira directa para aquelas persoas afiliadas ou ben, para as non afiliadas, reclamando a súa aplicación no caso de que a Xunta non o fixera “de oficio”.

## Que aporta CNT

A CNT é unha organización sindical independente (non vinculada a partidos políticos) e autoxestionaria (non recibimos subvencións de ningún tipo) á que pode pertencer calquera persoa traballadora, sen importar as súas ideas políticas ou crenzas relixiosas.

Practicamos un sindicalismo baseado na implantación real da nosa afiliación nas empresas a través de Seccións sindicais (non participamos nas eleccións sindicais nin nos comités de empresa). As Seccións sindicais dispoñen da capacidade legal para desenvolver calquera actividade sindical e xurídica.

A nosa táctica principal é a acción directa, é dicir, a solución dos conflitos polos individuos afectados, sen intermediarios. Loitamos polo reparto do traballo e a riqueza, contra a desigualdade económica e social.

Creemos no deseño de estratexias como factor clave para desenvolver conflitos sindicais con éxito, e proporcionamos asesoría sindical e xurídica gratuítas para a afiliación.

Contamos coa experiencia de case unha década de traballo coa Sección sindical de CNT na Xunta de Galicia con varios casos concretos respecto dos procesos citados que nos permiten coñecer de primeira man as problemáticas do colectivo.

### **Condicións de afiliación á CNT**

Para afiliarte á CNT Compostela só é necesario cubrir a ficha de afiliación (pódese atopar na cabeceira da web [cntgaliza.org](http://cntgaliza.org)). Os datos da ficha serán empregados para comunicarnos contigo, tanto en caso dos posibles conflitos teus que atendamos no sindicato, como tamén para as distintas comunicacións que facemos normalmente: convocatoria de asembleas, actos, eventos, protestas,... e para a difusión do noso boletín mensual.

A cuota mensual é de 15€ que se pasan cada 2 meses. Concretamente cada día 11 do mes impar pásase o recibo de ese mes e o anterior (30€). Para levar un conflito laboral pedimos unha antigüidade de 3 meses como afiliado/a, compensables economicamente (é dicir 45€ iniciais). Todos os pleitos e reclamacións son gratuítos para a afiliación. Só naqueles pleitos onde ti gañes cantidades se cobra o 10%+ iva do obtido.

Información e afiliación CNT en: <http://www.cntgaliza.org/?q=afiliate>